

DISCURSO DO REITOR NA PRESENTACIÓN DA MEMORIA DE XESTIÓN 2005 AO CLAUSTRO

Teñen vostedes na man unha versión impresa da **Memoria de Xestión 2005** que hoxe, en cumprimento do mandato estatutario, teño a honra de presentar diante desde Claustro. Desde hai unha semana o texto está colgado na Rede, no sitio institucional **udc.es**, para que os membros da comunidade universitaria tivesen tempo de coñecer e analizar o documento.

Tanto polos seus contidos como pola súa presentación, o Informe de Xestión de 2005 supón unha mellora ostensible respecto das memorias que se presentaron en anos anteriores. As súas case 150 páxinas e os seus 112 cadros achegan un volume de información – moita dela de grande importancia– imprescindible para o coñecemento real da Universidade da Coruña. Necesaria para ter a foto fixa do que somos e de como

evolucionamos. Básica para explorar as nosas fortalezas e as nosas debilidades. Elemental, en fin, para a toma de decisións en calquera ámbito de xestión, docencia ou investigación.

Preséntolles, xa que logo, unha Memoria que implica un salto cualitativo na política de transparencia coa que me comprometín hai dous anos diante da comunidade universitaria, na que vimos dando pasos substanciais e na que afondaremos na segunda parte deste meu primeiro mandato como reitor.

Xunto cos datos habituais de matrícula, incorporamos este ano información como a relación de principais acordos dos órganos colexiados da nosa institución; as taxas de eficiencia e de abandono; as cifras da nosa capacidade de captación de recursos externos para investigación; o importe de convenios e contratos con empresas; as patentes e firmas do viveiro de empresas con nomes e apelidos; a participación real na avaliación docente; os ingresos dos SAI; ou, por pechar os exemplos, o detalle preciso das prazas de profesorado que se convocaron.

A transparencia era o primeiro compromiso do meu programa electoral e a día de hoxe podo dicir que este criterio, elemental nunha institución pública, está xa instalado no xeito de facer da vida ordinaria desta universidade.

■ Cúmprense os dous primeiros anos do meu mandato como reitor. O desenvolvemento do meu contrato electoral coa comunidade universitaria tradúcese en feitos concretos e nun estilo de goberno que espallaron un ansiado ambiente de normalidade na xestión cotiá. No primeiro documento do Plano Estratéxico, incorporado como anexo na Memoria deste ano, defínese á UDC como unha Universidade pública que actúa con transparencia e que informa cumpridamente da xestión e dos resultados tanxibles e intanxibles que se derivan da súa actuación. Iso é o que estamos facendo.

E tamén nos definimos como unha universidade pública, con funcionamento participativo e democrático a través dos órganos de goberno colexiados e unipersoais.

Pois ben, a divisa da participación, o diálogo como instrumento de xestión, permitiúnos enfrontar, cun altísimo grao de consenso, un amplo abano de medidas para a reforma interna do funcionamento da institución. No núcleo central destas reformas atópase a aprobación dunha **quincena de regulamentos** que van desde o dos servizos de investigación ao das asociacións de estudantes, pasando polo do viveiro de empresas ou o de publicacións.

Todo un paquete de reformas imprescindibles na configuración do modelo de xestión que propuxemos e que estamos executando, rigorosamente, dentro da filosofía de contar con todos e con todas.

A primeira medida que formulamos hai dous anos foi a de afrontar esta etapa coa **máxima participación** da comunidade. A preparación dos primeiros posgraos oficiais foi unha mostra moi satisfactoria de colaboración e diálogo. O máximo reto que ten neste momento a nosa universidade é o de enfrontar con garantías os cambios fondos provocados pola integración do sistema universitario español no Espazo Europeo de Educación

Superior. Desde a publicación do real decreto de posgrao, a nosa universidade deseñou un procedemento para elaborar a súa primeira relación de títulos de posgrao. Nel fixéronse pasos, prazos e metodoloxía para poder presentar e, no seu momento, aprobar os programas de posgrao.

En paralelo coa elaboración deste procedemento, que foi remitido aos centros e comunicado aos departamentos e institutos, o Consello de Dirección constituíu unha comisión interna de traballo formada por catro vicerreitores: Calidade e Harmonización Europea, Profesorado, Organización Académica e Investigación.

Logo de se facer a convocatoria oficial, completáronse os traballos dentro desta comisión en estreito contacto con decanos, decanas, directores e directoras dos centros. O resultado do proceso, no que se traballou aberta e participativamente, foi un acordo entre as tres universidades e a Dirección Xeral de Calidade e Ordenación do SUG para a posta en marcha, no que a nós respecta, de trece posgraos, cinco de eles de carácter interuniversitario.

A metodoloxía empregada demostrou ser efectiva e aplicarámola tamén na fase transitoria para a conversión dos actuais títulos de grao e para a progresiva implantación dos títulos de posgrao.

Outro aspecto fundamental para a integración europea, **a garantía de calidade**, recibiu un forte impulso coa extensión a todos os servizos da nosa universidade da política de avaliación a través dun plano bianual. Paralelamente, a creación dos Grupos Departamentais de Calidade recolleu a bagaxe das experiencias piloto da ACSUG na implantación do crédito europeo.

Estes grupos, intra ou interdepartamentais, teñen como finalidade converter as actuais materias ao sistema ECTS realizando as correspondentes guías docentes cos novos principios pedagóxicos. Que a cultura da calidade vai impregnando o noso traballo reflíctese claramente no paso en dous anos de cero a doce doutoramentos con mención de calidade, tres deles de carácter interuniversitario.

■ Cumprindo tamén o compromiso electoral meu e do meu equipo de dar **estabilidade ao profesorado contratado**, e en aplicación da transitoria terceira dos Estatutos, fixemos dúas novas convocatorias de prazas para un total de 46 docentes. Logo destas e doutras convocatorias, o cadro de profesorado viuse incrementado en 37 docentes.

Cómpre dicir que todas as iniciativas neste tema da estrutura do profesorado **veñen consensuadas** da Mesa Sindical e aprobadas por unanimidade no Consello de Goberno.

Isto mesmo sucedeu coa nova Relación de Postos de Traballo que, por primeira vez na historia da Universidade da Coruña, conseguiu o apoio unánime de todos os sindicatos e a aprobación, sen ningún voto en contra, no Consello de Goberno.

A RPT do 2005 permite, por unha banda, clarificar a realidade laboral e configurar un marco estable co que se pretende mellorar a eficacia na xestión. Por outro lado, abriu as portas á creación dun moi necesario Servizo de Investigación, á reestruturación do de Informática e Comunicacions e o reforzamento dos centros tecnolóxicos, entre outras cousas.

Compromiso programático, eficiencia e consenso sosteñen tamén a decisión de consumir a descentralización para axilizar e xestionar mellor –como creo que xa se pode percibir– o campus de Ferrol, delegando a miña sinatura no vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa.

■ Non vou reiterar agora os datos que figuran detallados nos textos e gráficos que os señores claustrais teñen ao seu dispor. Por primeira vez podemos constatar a nosa capacidade de captación de recursos para a investigación, a procedencia precisa destes fondos e as canles polas que chegan. Temos incrementos significativos no número de convenios e contratos con empresas, un ámbito do que

procede a porcentaxe máis elevada de recursos para investigación. Todos os esforzos que fagamos por imbricarnos no proceso produtivo das empresas do noso contorno son poucos. O mesmo se pode dicir respecto da necesidade de reforzar a captación de recursos para I+D+i –aproveitando a aposta pública polo investimento en coñecemento– ou de potenciar a calidade da produción científica.

Na procura de sistemas efectivos de transferencia de tecnoloxía, coido alentadora a evolución dos nosos dous centros tecnolóxicos, aos que axiña se sumará o Centro de Investigacións en Tecnoloxías da Información e das Comunicacions (CITIC), en construción desde 2005. Na resposta á demanda tecnolóxica por parte do empresariado, estamos dando pasos sólidos que complementamos con iniciativas como as cátedras de empresa ou o viveiro de empresas.

Realizamos todo este esforzo de renovación cunha forte aposta pola modernización das nosas infraestruturas para tecnoloxías da información e das comunicacións,

esencial para a investigación, para a docencia e para a xestión que demandan os tempos.

Unha das primeiras medidas que adoptamos para a mellora das infraestruturas de rede foi o paso da rede ATM a 10 Xigabyte. En 2005 déronse os pasos precisos para que a conexión co Centro de Supercomputación de Galicia, ata agora a través de radioenlace, pase a ser por fibra e a un xigabyte. Ao longo do presente ano completárase tanto este proceso coma o de implantación do campus sen fíos en toda a Universidade.

■ No contexto de descenso demográfico sostido, a nosa universidade mantén unha considerable capacidade de atracción para novos estudantes, en boa medida grazas a unha oferta de titulacións moi competitiva. Máis de 3.600 dos 23.000 estudantes matriculados este curso en 1º e 2º ciclo inscribíronse por primeira vez nas nosas facultades e escolas. Iniciamos este ano unha política activa de captación de estudantes de secundaria con medidas como

os premios á excelencia no bacharelato ou a tarxeta “miUDC”.

Coido fácilmente visualizable que estamos desenvolvendo, con seriedade e solvencia, o programa comprometido diante da comunidade universitaria. Sen moita retórico, pero cos azos suficientes para consolidar o papel que nos corresponde dentro do sistema universitario galego, no que mantemos un nivel de colaboración óptimo, cada quen desde as súas lexítimas posicións, visións e estratexias.

Estou seguro de que non esaxero se afirmo que a gran preocupación da comunidade universitaria coruñesa e ferrolá durante 2005 foi a incerteza sobre a reforma da estrutura e do catálogo de titulacións oficiais. Dúbidas, paróns, improvisacións ou indecisións teñen sumidas ao sistema universitario español nunha situación de “impasse” e de preocupante desorientación que precariza, obviamente, a planificación institucional e docente de todos nós.

Vimos apoiando sen reservas a posición da CRUE ante o Goberno central e participamos nas iniciativas da Conferencia para reclamar do Goberno axilidade, rigor, información e claridade de ideas. A transitoriedade non se pode delongar máis. Cómpre esperar que o relevo no Ministerio de Educación sirva para aclarar obxectivos e tempos nun proceso de converxencia europea que presumiblemente debería estar rematado en 2010.

■ Un último apuntamento sobre a **memoria económica**. Unha das grandes novidades do orzamento de 2005 foi a implantación do Plano de Financiamento das Universidades de Galicia (2005-10), que supuxo un importante logro do sistema universitario galego polo feito de garantir a estabilidade orzamentaria. Aínda que globalmente o orzamento apenas experimentou variación en relación co de 2004, no presente ano púxose máis de manifesto a conveniencia do acordo.

No orzamento dotouse un “*Fondo de continxencia de execución orzamentaria*” con 1.350.000 euros cunha dobre finalidade: atender posibles necesidades de carácter

non discrecional e non previstas no orzamento inicialmente aprobado e, na medida en que se consiga evitar este uso, contribuír ao saneamento das finanzas da institución. A disciplina no gasto permitiu que finalmente fose este último o seu destino, como se evidenciará na liquidación, na que esperamos que o avance no saneamento sexa notable.

No referente ao **Plano Estratégico**, elaborouse o documento “Misión, Visión e Valores” (que se inclúe na Memoria), no que se identifican tres liñas estratégicas (I+D+i, Docencia e Relacións coa Sociedade) e dúas cuestións transversais: a xestión e as infraestruturas vencelladas a cada unha das tres áreas.

Por último, neste ano comezou a elaboración do diagnóstico interno e externo da UDC (análise de Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades), que rematou en 2006 coa elaboración do correspondente documento, froito da colaboración e do consenso entre os participantes.

Remato xa. A Memoria que hoxe lle presento ao Claustro contén un retrato robot da Universidade susceptible de se complementar en anos vindeiros, pero suficientemente amplo non só para ter coñecemento de como foi o 2005, senón tamén para saber mellor de que falamos cando falamos da nosa Universidade da Coruña.

Grazas. ◀

A Coruña, 5 de maio de 2006